

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **VILA DE CRUCES**

#### **Subvencións e axudas**

#### *CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FESTAS PATRONAIS PARROQUIAIS 2023*

### **CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA FIESTAS PATRONALES PARROQUIALES 2023**

*BDNS(Identif.):717070*

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/717070>)

#### **Primero. Objeto**

La presente convocatoria tiene por objeto establecer el procedimiento y criterios para la concesión de subvenciones en el ámbito del término municipal de Vila de Cruces en las materias de "Organización de fiestas patronales parroquiales", en régimen de concurrencia competitiva y de acuerdo con los principios de objetividad, igualdad de concurrencia y publicidad.

El Ayuntamiento de Vila de Cruces pretende, por medio de la presente convocatoria, prestar ayuda a las entidades culturales y vecinales para contribuir la que alcancen los objetivos que les son propios en lo relativo al fomento de la participación activa de la ciudadanía y a la celebración y conservación de las fiestas parroquiales de mayor tradición y arraigo, surgidas de la iniciativa popular y que forman parte de nuestra identidad y memoria colectivas.

#### **Segundo. Beneficiarios**

Podrán solicitar subvenciones las personas jurídicas sin ánimo de lucro que organicen las fiestas: comisiones de fiestas, asociaciones vecinales, culturales, que cumplan los siguientes requisitos:

- Tener como objeto social a realización de actividades relacionadas directamente con los fines de la subvención.
- Desarrollar sus actividades en el término municipal y en el ámbito parroquial.
- No tener pendiente de justificación ninguna subvención o ayuda concedida por el Ayuntamiento de Vila de Cruces



Xoves, 21 de setembro de 2023

Núm. 183

- No estar incurso en alguna de las prohibiciones previstas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones ni estar incluidas en los supuestos de incapacidad o incompatibilidad para la percepción de ayudas o subvenciones públicas.
- Las entidades solicitantes deberán encontrarse al día en sus deberes tributarios con la Agencia Tributaria, con la Seguridad Social y con el Ayuntamiento de Vila de Cruces.

### **Tercero. Importe**

Se establece una cuantía fija por parroquia de 1000 euros.

De manera excepcional, en el caso de la parroquia de Camanzo podrán concederse 2 ayudas de 500 euros cada una al disponer de 2 campos de la fiesta.

Las ayudas podrán alcanzar hasta 100% del gasto realizado.

### **Cuarto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles que comenzarán a partir del día siguiente al de la publicación, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones, del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra.

### **Quinto. Bases reguladoras.**

Las bases reguladoras de esta convocatoria se encuentran en la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Vila de Cruces publicada en el BOPPO de 20 de febrero de 2006.

### **Sexto. Otros datos de interés.**

Solicitudes y documentación:

Los solicitantes deberán presentar en el registro del Ayuntamiento a siguiente documentación con carácter obligatorio, preferentemente por medios electrónicos:

1. Solicitud firmada por el representante legal (ANEXO I).
2. Fotocopia del CIF de la entidad solicitante y del DNI de la persona representante.
3. Memoria de la actividad
4. Presupuesto
5. Certificado de los cargos directivos
6. Declaración de otras ayudas solicitadas para la misma finalidad
7. Declaración responsable de estar al día en el cumplimiento de los deberes tributarios estatal, autonómica, Seguridad Social, Oral y el Ayuntamiento de Vila de Cruces, de no estar



Xoves, 21 de setembro de 2023

Núm. 183

incurso en causa de incapacidade ni incompatibilidade para a obtención de subvencións públicas, y de no ser deudor por expediente de reintegro en el Ayuntamiento.

La convocatoria, los anexos y formularios estarán disponibles en la página web del ayuntamiento [www.viladecruces.gal](http://www.viladecruces.gal).

Procedimiento de concesión: concurrencia competitiva.

Revisados los expedientes y completados, si es el caso, se remitirán a la Comisión de valoración que elaborará informe en el que se concrete el resultado de la evaluación efectuada.

La comisión tendrá en cuenta:

- 1º.- Si se trata o no de fiestas patronales
- 2º.- El orden de presentación de las solicitudes de cada parroquia.
- 3º.- El arraigo social, cultural y tradicional en el caso de las fiestas no patronales.

Compatibilidade: sí

VILA DE CRUCES, 18/09/2023

LUIS CELSO TABOADA SANCHEZ

ALCALDE

## CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FESTAS PATRONAIS PARROQUIAIS 2023

*BDNS(Identif.):717070*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/717070>)

### Primeiro. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento e criterios para a concesión de subvencións no ámbito do termo municipal de Vila de Cruces nas materias de “Organización de festas patronais parroquiais”, en réxime de concurrencia competitiva e de acordo con os principios de obxectividade, igualdade de concurrencia e publicidade.

O Concello de Vila de Cruces pretende, por medio da presente convocatoria, prestar axuda ás entidades culturais e veciñais para contribuír a que alcancen os obxectivos que lles son propios no relativo ao fomento da participación activa da cidadanía e á celebración e conservación das festas parroquiais de maior tradición e arraigo, xurdidas da iniciativa popular e que forman parte da nosa identidade e memoria colectivas.



Xoves, 21 de setembro de 2023

Núm. 183

**Segundo. Beneficiarios**

Poderán solicitar subvencións as persoas xurídicas sen ánimo de lucro que organicen as festas: comisións de festas, asociacións veciñais, culturais, que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter como obxecto social a realización de actividades relacionadas directamente cos fins da subvención.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal e no ámbito parroquial.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda concedida polo Concello de Vila de Cruces
- Non estar incursas nalgunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- As entidades solicitantes deberán atoparse ao día nos seus deberes tributarios coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces.

**Terceiro. Importe**

Establécese unha contía fixa por parroquia de 1000 euros.

De maneira excepcional, no caso da parroquia de Camanzo poderán concederse 2 axudas de 500 euros cada unha ao dispoñer de 2 campos da festa.

As axudas poderán alcanzar ata 100% do gasto realizado.

**Cuarto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles que comezarán a partir do día seguinte ao da publicación, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Quinto. Bases reguladoras.**

As bases reguladoras desta convocatoria atópanse na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces publicada no BOPPO do 20 de febreiro de 2006.

**Sexto. Outros datos de interese.**

Solicitudes e documentación:

Os solicitantes deberán presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación con carácter obrigatorio, preferentemente por medios electrónicos:

1. Solicitud asinada polo representante legal (ANEXO I).
2. Fotocopia do CIF da entidade solicitante e do DNI da persoa representante.



Xoves, 21 de setembro de 2023

Núm. 183

3. Memoria da actividade

4. Orzamento

5. Certificado dos cargos directivos

6. Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade

7. Declaración responsable de estar ao día no cumprimento dos deberes tributarios estatal, autonómica, Seguridade Social, Oral e o Concello de Vila de Cruces, de non estar incurso en causa de incapacidade nin incompatibilidade para a obtención de subvencións públicas, e de non ser debedor por expediente de reintegro no Concello.

A convocatoria, os anexos e formularios estarán dispoñibles na páxina web do concello [www.viladecruces.gal](http://www.viladecruces.gal).

Procedemento de concesión: concorrencia competitiva.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse á Comisión de valoración que elaborará informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

A comisión terá en conta:

1º.- Se se trata ou non de festas patronais

2º.- A orde de presentación das solicitudes de cada parroquia.

3º.- O arraigo social, cultural e tradicional no caso das festas non patronais.

Compatibilidade: si

VILA DE CRUCES, 18/09/2023

LUIS CELSO TABOADA SANCHEZ

ALCALDE

